



## Manuel Gago: "Estamos comezando a redescubrir o noso pasado, pero entre todos"

O xornalista presentou xunto ao arqueólogo Xurxo Ayán, o libro *Herdeiros pola Forza* que veñen de publicar en coautoría

Manuel Gago é profesor na Facultade de Xornalismo de Santiago de Compostela. Varias veces premiado polos seus blogs, entre os que destaca *Capítulo 0* e ben coñecido polas súas aventuras arqueolóxicas e a difusión da memoria, lanzouse recentemente á última expedición, a presentación do seu libro *Herdeiros pola Forza* xunto ao tamén profesor e arqueólogo Xurxo Ayán.

**Pregunta** Tiran máis as pedras ou as palabras? Onde remata o profesor, comeza o xornalista e continúa o arqueólogo?

**Resposta (Risos)** Tira todo! En realidade, antes separaba as miñas facetas profesionais moito entre elas, pero hoxendía é imposible e de feito, complementábase entre si. Por exemplo, aos meus alumnos de 4º de xornalismo explicolles os meus proxectos profesionais de comunicación, e moitos deses proxectos teñen que ver con divulgación histórica e arqueolóxica, así que todo está vinculado. E tamén ao revés: non concibo a exploración ou a divulgación arqueolóxica sen que esta sexa comunicada para todos os públicos. Así que este é un camiño de ida e volta.

**P.** Que ten o noso pasado que alimente o futuro?

**R.** Galicia é un país que deba ter aprendido unha lección obvia: a propia capital de Galicia é unha cidade rica e próspera grazas ao seu enorme pasado e aos mitos e tradicións que rodean ese pasado, desde a Raíña Lupa ata o Camiño de Santiago. Pois imaxinádevos que pasaría se aproveitásemos en toda Galicia todo o noso inmenso leigado cultural igual que se fixo en Santiago de Compostela. Sen dúbida Galicia tería moito máis futuro. E outra cousa: nunha época na que moitos dos símbolos que nos cohesionaban e nos daban forza como sociedade, como a lingua ou as tradicións, están sufrindo unha crise difícil, o patrimonio está aí, é algo físico, é algo que nos une ao territorio e, polo tanto, nos une ao resto das persoas que vivimos no mesmo sitio, nos dá unha memoria común a todos, un sentimento compartido. Iso é fundamental. O patrimonio, se o coidamos, non desaparece, senón

que se fai máis grande. A memoria é o atributo máis importante da intelixencia. Se como pobo temos moita memoria, seremos capaces de defendernos mellor no presente.

**P.** *Patrimoniogalego.net* é unha web desde a que os tesouros dos nosos montes, da nosa Terra... se difunden, como xurdiu a idea? Como está a funcionar?

**R.** Pois xurdiu despois das conversas con moitas asociacións culturais e amantes do patrimonio cultural que tiñan gañas de facer cousas en común. Facela foi cousa dunha auténtica arrouxada: a plataforma montouse en catro ou cinco días e inmediatamente comezaron a introducir fichas de bens culturais galegos. Hoxendía somos un equipo de dez editores e moitísimos catalogadores metendo datos, ata o punto de que xa é, posiblemente, o principal catálogo colectivo de patrimonio cultural de Europa. Van case 1300 bens culturais inventariados. Iso si, quedánnos uns 30.000 por meter, aproximadamente. Case nada!

**P.** As súas intervencións mediáticas teñen unha forza recoñecida: Alguén coa súa capacidade expresiva decide colocar o talento ao servizo da sociedade e non do interese persoal, será tamén vostede unha peza arqueolóxica?

**R. (Risos)** Creo que o que son, esencialmente, é un 'entusiasta'. Fronte ao discurso da depresión, o discurso do pesimismo, do choro, do facilón 'que malvada é a Xunta', intento crear un discurso rebelde, optimista, possibilista e baseado en resultados, un discurso para todos, compartible por persoas moi distintas en ideoloxías e condicións. É un discurso que cre na xente e que tenta demostrar que é posible cambiar, porque o estamos conseguindo con accións e feitos concretos a diario. Estamos comezando a redescubrir o noso pasado, pero entre todos.

**P.** Escribir a catro mans é como tocar o piano, cal é a melodía?

**R.** A da forza, da capacidade crítica sobre a realidade, e de atrevernos a contala; a dunha película de acción, con toques dramáticos, pero tamén de comedia.

**P.** Contan que o título do libro fai referencia aos que herdan unha propiedade que senten importante para o seu patrimonio, a súa historia, pero non coidan, porque foi á forza que a gañaron e non con esforzo, é esa a actitude que os galegos e as galegas temos en relación ao noso patrimonio histórico?

**R.** Sen dúbida. O problema é que

Historia. Pero seguimos contando a Historia segundo lle foi ao outro 5% do mundo. E había outra cousa: escollimos o Colexio dos Irlandeses porque é un espazo pechado, con certo toque misterioso; pedras fermosas nas que o máis fermoso é o que non se ve, a historia humana que está detrás. Para nós o patrimonio é iso: non son só pedras, son per-

culos son a ocultación, o silencio, o desprezo da comunidade científica, os problemas cos construtores, a dúbida de se denunciar unha agresión ou non. Hai que ser maduro e estar moi templado para afrontar isto e as súas consecuencias, que as ten, e persoais. O premio é maravilloso: ver crecer un sentimento novo de identidade nunha sociedade e nun grupo humano a partir da posta en valor de, por exemplo, un sitio arqueolóxico como Pena Furada, en Coirós. Non hai nada máis fermoso como cando comezamos a ver que a xente se achegaba de novo ata o espazo arqueolóxico onde a Moura de Pena Furada ve poñerse o sol.

**P.** Que críticas están a recibir?

**R.** Pois por agora moi boas. Os lectores din que o libro 'engancha' e que aprenden moito, porque nunca viran ata agora estas cousas así contadas. Supoño que tamén haberá críticas negativas, pero aínda non chegaron.

**P.** Mellor no despacho ou monte arriba? Nunca se comparou con Indiana Jones?

**R. (Risos)** Hai que estar no despacho e no monte, sen dúbida ningunha: os dous sitios son bós. O propio Indiana Jones facíao moito iso, pensar e estudar no despacho, e cando está todo preparado, lanzarse ao monte. Por suposto, desde que era adolescente, un dos alcumes que me puñan os meus amigos e amigas era este de Indiana Jones. Iso si, ás veces téñome preguntado. Como sería Indiana Jones en Galicia? Pois seguro que non tería látigo, senón un fouciño.

**P.** E ten tempo para a gastronomía, para levar varios blogs de gran éxito? Atopou algún talismán secreto que faga medrar o tempo e a capacidade intelectual?

**R. (Risos)** O entusiasmo. E tamén a comprensión da miña parella.

**P.** Cal é o último achádego? E a súa historia?

**R.** Vivirémolo esta fin de semana. Unha fortificación impresionante, de cronoloxía aínda indeterminada, que estaba incrivelmente sen catalogar, pero que era coñecida. Atopamos referencias a ela nuns fermosos libros de principios do século XX e visitarémola.



Manuel Gago presenta o seu blog nun congreso/ FOTO I.R.

durante a Transición e a construción da Autonomía, as cousas viñeron do ceo e se asentou, en moitos ordes da sociedade, unha idea de que 'alguén' nalgues, na Xunta ou no Estado, tutelaría os castros, as mámoas e os dólmenes. Para os nosos avós, todos estes lugares tiñan unha función no seu mundo. Era unha sociedade agraria. Cando nos fumos convertindo nunha sociedade máis urbana, perdimos o vínculo simbólico con estes espazos, que eles construían con lendas, con poemas e con ritos. Así que hoxendía estamos desvinculados de sitios dos que só sabemos que está prohibido facer cousas.

**R.** Por que decidiron presentar o libro *Herdeiros pola Forza* no antigo Colexio dos Irlandeses? Foron aconsellados polos fantasmas dos irmáns celtas?

**R. (Risos)** Non che digo que non. En todo caso, tamén foi por outra cousa: temos empatía lóxica cos nosos veciños irlandeses (só hai un pouquiño de auga entre eles e nós), pero ademais, temos empatía coa súa condición de refuxados e exiliados en Galicia no século XVII. En *Herdeiros pola Forza* defendemos a historia dos humildes e dos que padeceron. Eses foron todos eses irlandeses, e o 95% dos galegos ao longo da

soas que están detrás das pedras.

**P.** Canto tempo levou escribir este libro?

**R.** Hai como dous tempos. Para ser sincero, diríache que quince anos, porque nel se recollen experiencias, anécdotas, lecturas e sucedidos de todos estes anos. Os dous levamos quince anos traballando a nivel profesional: Xurxo no ámbito científico e eu na comunicación. En tempo de escritura, se cadra uns sete ou oito meses.

**P.** A redacción deste libro foi un traballo de dous, como se senten co resultado? Son necesarios máis esforzos colectivos na nosa sociedade?

**R.** Traballar os dous xuntos é tamén parte da mensaxe. Nun país pequeno como Galicia debemos unir forzas, mesturar coñecementos, disciplinas e puntos de vista para poder saír adiante. Fíxate nunha cousa. Na nosa presentación, dicimos que "Xurxo Ayán é un arqueólogo que quere ser xornalista e Manuel Gago é un xornalista que quere ser arqueólogo". Hai que ter curiosidade pola posición do outro.

**P.** O libro relata moitas aventuras e desventuras de quen pretende conservar e transmitir os secretos do pasado. Cales son os obstá-

"En *Herdeiros pola Forza*, Xurxo Ayán e máis eu queremos demostrar, a través da nosa experiencia persoal, que é posible falar en voz alta de problemas que se prefiren calar ou evitar. Os galegos somos moi de calar os problemas e agardar a que caia algo do ceo e se solucione. E iso pasa co patrimonio: que moitos burócratas e profesionais do patrimonio pensan que a sociedade é un problema, e se traballa de costas a ela. Nós, o que queríamos neste libro é visibilizar que mentres estes burócratas pensan iso, a sociedade xa colleu o seu camiño e comezou a andar".

